



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP " A SOLAINA "
R/ Cardenaql Cisneros, s/n
15570 Narón
A Coruña
Telef/Fax 981 383 600 / 981 388 178

Criterios de baremación

a) Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro:

• Por unha irmá/n matriculado no centro	8 puntos
• Polo segunda e seguintes irmás ou irmáns matriculados no centro	2 puntos por cada un
• Xemelgos, sempre que aleguen domicilio na área de influencia	8 puntos
➤ Xustificante: Copia completa do libro ou libros de familia.	

b) Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro: 3 puntos

➤ Xustificante: Certificación da dirección do propio centro	
--	--

c) Proximidade do centro ao domicilio familiar

• Se o domicilio familiar se atopa na área de influencia do centro	6 puntos
• Se o domicilio familiar se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos
• Se o domicilio familiar se atopa noutras áreas	0 puntos

Documentación a presentar: Certificado de empadramento, expedido polo concello.

A data de alta no domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano.

- **A TER EN CONTA:** De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, ou no caso de que non se cumpra o requisito de antigüidade no padrón, os interesados presentarán : copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (**escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer**) e **contrato de alta de recibos actualizados de subministración** (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza.

d) Proximidade do centro ao lugar de traballo

Lugar de traballo da nai, pai ou titores, situado dentro da área de influencia do centro	4 puntos
Lugar de traballo da nai, pai ou titores, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	2 puntos
Lugar de traballo da nai, pai ou titores, situado noutras áreas	0 puntos

Documentación a presentar:

- *Traballadores por conta allea* : **certificado** expedido para o efecto polo empregador xunto cunha **copia do contrato de traballo**.
- *Traballadores/as por conta propia*: **alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social** no réxime correspondente.
- Persoal so servizo das administración públicas: **certificación** expedida pola xefatura de persoal correspondente.

e) Renda anual per cápita da unidade familiar.

Por renda per cápita da unidade familiar (valorada por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM do 2014: 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias)

(Casiñas IRPF 2014: 430 + 445) dividida entre o número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2016.

• Ingresos inferiores a 0,5 veces o IPREM (3.195,06 €)	3 puntos
• Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM (3.195,06 a 4.792,59 €)	2 puntos
• Ingresos iguais ou superiores ao 0,75 veces o IPREM (4.792,59 a 6.390,13 €)	1 punto
• Ingresos iguais ou superiores ao IPREM (6.390,13 €)	0 puntos

Documentación a presentar: autorización expresa (**Folla 3 da Solicitud**) para que a Consellería de Educación reciba a información da Axencia Tributaria.

• **Aclaracións:**

Considérase que a unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia e, se os houber, por:

- As fillas e fillos menores de idade, con excepción das/dos menores que, con consentimento das/dos nais/pais ou titoras/es, vivan independentemente.
- As fillas e fillos maiores de idade incapacitadas/os.

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todas/os as/os fillas/os que residan habitualmente cun ou outro, que reúnan os requisitos subliñados no punto anterior. Nos casos de custodia compartida, entenderase como renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude.

f) Condición de familia numerosa.

• Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
• Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
➤ Documentación a presentar: Fotocopia compulsada do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar.	

g) Condición de familia monoparental :2 puntos

Documentación a presentar. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial ➤ de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador	
---	--

h) Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, ou en nai, pai, titora, titor, irmá ou irmán do alumnado:

• Da alumna ou alumno	4 puntos
• Dalgún dos proxenitores ou titores	3 puntos
• Dalgunha das irmás ou irmáns da alumna ou alumno	1 punto por cada un
➤ Documentación: Certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administración públicas	

Narón, 26 de febreiro de 2016